

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA ONCE DE MAIO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día once de maio de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13/04/2021).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.**

2.1.- Instancia de dona María del Rosario Carballo Gago. (Expediente núm.. 2021/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Boqueixón, solicita licenza para parcelamento da finca con referencia catastral 001301300NH43E001EX emprazada en Fontao (Vedra), en tres parcelas resultantes, nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don José Manuel Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data marzo de 2021.

A parcela atópase en solo cualificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) e Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Fontao (Vedra) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de euros (#180,00#).



Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.4, de 200,50 m<sup>2</sup>. e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.2.- - Instancia núm. 202199900000038 de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas Naturgy UFD (Exp. núm. 2021/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de LMT CT RBT SAN MIGUEL DE SARANDÓN (Vedra), (Expediente N° UD531307050004) nos termos da documentación técnica modificada asinada por David Núñez Fernández, en calidade de Enxeñeiro Industrial, de data 23/12/2020 e do Anexo 1 do modificado do proxecto asinado polo mesmo técnico con data do 24/02/2021. (expediente municipal núm.: 2021/U022/000004). As actuacións están previstas en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2) e Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), cun orzamento provisional total de 36.623,75 euros.

Dáse conta do expediente 2020/U022/000001 instruído para a mesma actuación e que queda sen efecto por modificación substancial no proxecto inicial.

Dáse conta tamén da autorización emitida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, expediente L21-0033.

A Xunta de Goberno Local , á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por David Núñez Fernández e de data 23/12/2020 e anexo 1 de data 24/02/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xesar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais



aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituí garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Compensar a liquidación provisional do imposto municipal co expediente 2020/U022/000001 coa liquidación provisional do actual expediente e da que resulta un importe a ingresar de cento oitenta e cinco euros con dezasete céntimos (#185,17#)

2.3.- Instancia núm. 202199900000243 de Unión Fenosa Distribución, S.A – Gas Naturgy UFD (Exp. Núm. 2021/U022/000015)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de rede de baixa tensión subterránea en Picón - Vilanova (San Pedro) Expediente N° UD218315030075, (expediente núm.: 2021/U022/000015), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais N-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 2.166,39 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 05/04/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacíons, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacíons solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Instancia núm. 202199900000279 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Exp. Núm. 2021/U022/000016)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 9,2 kw para unha vivenda unifamiliar no lugar de Neira de Abaixo - Ribadulla (San Mamede). Liña de baixa tensión subterránea con inicio nun paso aéreo subterráneo (PAS) ata a CPM do solicitante, sendo a canalización da obra proxectada de 13 metros de lonxitude. Número SGD: 618520120158 (expediente municipal núm.: 2021/U022/000016), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais N-1, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Rubén Fervenza Nicolás, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 1.928,16 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 18/03/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xesar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituí garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e o menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expte. núm. 2021/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roger Fernández Girona, en representación de Solar Profit Energy Services, S.L para instalación de placas solares fotovoltaicas para autoconsumo sobre da cuberta dunha vivenda nos termos da documentación técnica achegada asinada por Roger Fernández Girona en calidade de enxeñeiro técnico.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001002300NH34B0001TI, emprazada en Paradela, 56- San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e sete euros con sesenta céntimos (#87,60#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona Mercedes López Diz. (Expte. núm. 2021/U026/000020)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Mercedes López Diz para rehabilitación de vivenda consistente en substituír a tella existente.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001103400NH43G0001DJ, emprazada en Piñeiro, 15- San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda::

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, manténdose a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e emplegar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e cinco euros con vinte céntimos (#75,20#).

### **3º.- Certificacións de obras.**

#### **3.1.- Certificación núm. 1 de *Colectores Xerais e Edar de Vedra (POS +2019)***

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o pasado 13 de abril aprobou a certificación núm. 1da obra Colectores Xerais e Edar de Vedra, incluída no POS +2019 (Código 19.2200.377.0) e máis a factura núm. S 3226 da empresa adxudicataria da mesma, Espina y Delfín, S.L, por importe de corenta e sete mil douscentos oitenta euros con setenta e un céntimos (#47.280,71#).

Detectados errores na citada certificación no que se refire, entre outros a unidades de obras, que a súa emenda supón un incremento no importe da mesma.

Dado que a citada certificación xa fora remitida á Deputación Provincial, e a factura incorporada á contabilidade, por Resolución da Alcaldía num. 202/21, de data 22 de abril, anuláronse tanto a certificación coma a factura.

Vista a nova certificación e máis a factura núm. RT 62 de Espina y Delfín, SL, cuxo importe ascende á cantidade de cincuenta e dous mil oitocentos setenta e nove euros con dezaoito céntimos (#52.879,18#), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as mesmas.

#### **3.2.-- Certificación num. 2 de *Colectores Xerais e Edar de Vedra (POS +2019)***

Dáse conta da certificación núm. 2 da obra de *Colectores Xerais e Edar de Vedra*, e más da factura núm. S 3281 de Espina y Delfín, S.L , por importe de cincuenta e oito mil seiscientos oitenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (#58.686,66#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e más a factura correspondente.

#### **3.3.- Certificación núm. 4 de *Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte (POS + Adicional 1/2019)***



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da certificación núm. 4 da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte, incluída no POS + Adicional 1/2019 (Código 2019.2001.0613.0), e más da factura núm. EO21 05004 da empresa adxudicatria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L , por importe de vinte e tres mil vinte e sete euros con cincuenta e oito céntimos (#23.027,58#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e más a factura correspondente.

### 4º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2021/5 (expediente electrónico núm. 2021/X999/000074), que ascende a un importe total de 177.380,50 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma, coa ausencia da Presidencia na votación sobre as facturas de Droguería Ferretería El Sol, S.L.

### 5º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 6 de maio, de fondo social, asistencias ás mesas de contratación e quilometraxe de traballadores municipais, por importe de 1.081,53 euros.

### 6º.- Acordo de solicitude de subvencións á Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de traballadores desempregados.

#### 6.1.- Solicitud de subvención para o programa *Aprol Rural Vedra 2021*.

Dáse conta da Orde do 12 de abril de 2021 , da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73/21, do 20 de abril).

Dentro da citada convocatoria a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras ou servizos denominado *Aprol Rural Vedra 2021*

Segundo.- Solicitarlle á citada Consellería a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo: 2 xardineiros/as, durante 9 meses a xornada completa.

#### 6.2.- Solicitud de subvención para *Programa Risga 2021*.

Dáse conta da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78/21, do 27 de abril).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dentro da citada convocatoria ,a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras ou servizos denominado *Brigada Verde – Servizos Varios 2021*.

Segundo.- Solicitarlle á citada Consellería a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo: 2 xardineiros/as-en xeral, durante 9 meses ao 75% da xornada (6 horas/día).

6.3.- Solicitude de subvención para o fomento do emprego (Plan de cooperación).

Dáse conta da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73/21, do 20 de abril ).

Dentro da citada convocatoria a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os proxectos de obras ou servizos denominados: Protección Civil e servizos varios.

Segundo.- Solicitarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo:

2 traballadores/as , durante 6 meses ao 50% da xornada laboral.

### **7º.- Dar conta de Resolucóns da Alcaldía do mes de abril.**

Dáse conta das Resolucóns da Alcaldía do mes de abril.

DECRETO	DATA	ASUNTO
181	05/04/2021	Renovación tarxeta aparcadoiro para discapacitados
182	05/04/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
183	07/04/2021	Designación vogal-técnico da Mesa de Contratación da obra de Acondicionamento de espazo verde público en Fontao Pos + Adicional 1/2019)
184	07/04/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
185	07/04/2021	Adxudicación contrato menor de lavado de colectores á Ampro Servicios Ambientales, S.L (Exp. 2021/C004/000005)
186	07/04/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
187	08/04/2021	Adxudicación traballos de restauración da cuberta da cantina e dos vestiarios do campo de fútbol de San Mamede á Alvaro Rendo Gómez –Construcciones Rendo (Exp. 2021/C004/000006)
188	08/04/2021	Aprobación proxecto básico e de execución da obra de Substitución da cuberta e colocación de illamento mediante fachada ventilada na gardería municipal, cofinanciado polo IDAE



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



189	08/04/2021	Aprobación proxecto básico e de execución da obra de Substitución da envolvente térmica do Pavillón Municipal de Vedra, cofinanciado polo IDAE
190	13/04/2021	Inicio expediente de contratación da obra de Substitución da cuberta e colocación de illamento mediante fachada ventilada na gardería municipal, cofinanciada polo IDAE (Exp. 2021/C003/000003)
191	13/04/2021	Inicio expediente de contratación da obra de Substitución da envolvente térmica do Pavillón Municipal de Vedra, cofinanciada polo IDAE (Exp. 2021/C003/000005)
192	13/04/2021	Expediente tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
193	13/04/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
194	16/04/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
195	16/04/2021	Requerimento limpeza de parcela
196	19/04/2021	Adxudicación contrato menor de suministro de emulsión asfáltica tipo C69B2 TRG a Probisa (Exp. 2021/C002/000007)
197	19/04/2021	Requerimento ao propietario de vivenda sita na Avda. M. M. Gómez Lorenzo para que presente comunicación previa por obras de cambio de fiestras
198	20/04/2021	Expedición tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
199	20/04/2021	Expedición tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
200	20/04/2021	Requerimento limpeza de finca
201	21/04/2021	Aprobación Plan de seguridade e saúde da obra de Pavimentación de camiños en A Retorta, CP8902 a Tomonde e Neira de Arriba (PMM 2020/2021)
202	22/04/2021	Anulación da certificación núm. 1 da obra de Colectores Xerais e Edar de Vedra e más da factura núm. S3226 de Espina y Delfín, S.L (por errores nas unidades de obra)
203	22/04/2021	Cambio titularidade recibo taxa lixo da vivenda núm. 12 de Roelle -Vedra
204	22/04/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 2 de Pazo -Merín
205	23/04/2021	Adxudicando o Plan de control de calidade da obra de Pavimentación de camiños en A Retorta, CP-8902 a Tomonde e Neira de Arriba (PMM 2020/2021) (Exp. 2021/C002/000008)
206	26/04/2021	Aprobación nóminas mes de abril
207	28/04/2021	Autorización acometida e conexión abastecemento de auga en Quintáns num. 23 – San Xián de Sales
208	28/04/2021	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de nave sita en Castrelo nº 3 –San Pedro de Vilanova
209	28/04/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
210	28/04/2021	Autorización conexión e abastecemento de auga para explotación agrícola en Fufín nº 3
211	28/04/2021	Autorización acometida abastecemento de auga en Quintáns nº 1 – San Xián de Sales
212	28/04/2021	Acometida e conexión ao abastecemento da vivenda núm. 69 de Paradela – San Xián de Sales
213	28/04/2021	Acometida e conexión ao abastecemento da vivenda núm. 12 de Marzáns de Abaixo –Vedra
214	28/04/2021	Alta servizo de abastecemento de auga potable en vivenda sita en Silvaescura núm. 4 – San Fins de Sales
215	28/04/2021	Acometida e conexión ao abastecemento da vivenda núm.5 de A Retorta –Ponte Ulla



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



216	28/04/2021	Solicitud de subvención para voluntariado xuvenil, conxuntamente co Concello de Boqueixón- Programa Val do Ulla 2021
217	28/04/2021	Solicitud de subvención para voluntariado sénior A Maiores 2021
218	28/04/2021	Adxudicación praza no Programa de conciliación Conxuga 2020-2021 a EHN
219	28/04/2021	Aprobación listaxe provisional admitidos/as, excluídos/as praza de técnico/a de xestión económica, incluída na oferta de emprego público do ano 2021
220	29/04/2021	Acometida e coñexión ao abastecemento da vivenda núm.5 de Silvaescura- San Fins de sales
221	29/04/2021	Acometida e coñexión ao abastecemento da vivenda núm. 49 de Paradela - San Xián de Sales
222	29/04/2021	Baixa no Programa de conciliación Conxuga, modalidade ludoteca de SPD
223	29/04/2021	Adxudicación praza no Programa de conciliación Conxuga . modalidade ludoteca de XHN
224	29/04/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
225	29/04/2021	Baixa no SAF-Libre concorrenza de CMP
226	29/04/2021	Cambio copagamento servizo SAF a OSA
227	30/04/2021	Acometida e coñexión ao abastecemento da vivenda núm. 2 de A Retorta –Ponte Ulla
228	30/04/2021	Renovación tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
229	30/04/2021	Inscrición no censo de animais de raza canina

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

### 8º.- Outros asuntos.

#### 8.1.- Aprobación convenio cos Concellos de Boqueixón e Touro.

Dáse conta do convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Touro e Vedra para prestar o servizo de aloxamento e transporte a mulleres vítimas de violencia de xénero en situación excepcionais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

#### 8.2.- Aprobación padrón fiscal SAF.

##### 9.1.- Aprobación padrón fiscal SAF 1º trimestre 2021.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 1º trimestre de 2021, cuxo resumo é o seguinte:

	Nº usuarios	Importe
Usuarios Dependentes	62	15.471,97 euros
Libre concorrenza	16	3.869,49 euros

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado padrón.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

---

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 11-05-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible	- DESCUENTOS -		
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		Importes Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros
F/2021/439 06/03/2021	A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á casa de cultura de Santa Cruz. Período: 01/01/2021-31/01/2021	FE21137003357083 07/02/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	334	22100		744,38			744,38
F/2021/550 05/04/2021	B70213806 Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U. Redacción anteproyecto reorganización casa do concello de Vedra	10/2021 30/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	151	22706		4.235,00			4.235,00
F/2021/602 06/04/2021	A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica á casa de cultura de Santa Cruz. Período: 01/02/2021-19/02/2021	FE21137005907489 07/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	334	22100		126,71			126,71
F/2021/610 07/04/2021	B15432453 Talleres San Fins S.L. Servizo de mantemento do vehículo 7409BPK realizado en febreiro/2021	0178/E21 03/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	1622	22699		839,05			839,05
F/2021/611 07/04/2021	B15432453 Talleres San Fins S.L. Reparación latiguillo, encufe rápido do vehículo 7409BPK realizada en marzo/2021	0269/E21 31/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	1622	22699		97,11			97,11
F/2021/636 09/04/2021	A15379803 Sogama S. A. Tratamento residuos sólidos urbanos na planta de Silleda no mes de marzo 2021	2021/0700 31/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	1623	22700	AD:220210000031	312,13			312,13

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 11-05-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible	- DESCUENTOS -		
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		Importes Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros
F/2021/637 09/04/2021	X6008342Y Maeve McLoughlin Honorarios por impartir clases extraescolares de inglés durante o mes de marzo/2021	2021GC01 07/04/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	320	22699		1.200,00		2021 Base Imponible: % Descuento:	180,00 1.200,00 15,00
F/2021/638 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Materiais subministrados para mantemento do punto limpo en marzo/2021	202100192 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	1622	22699		209,94			209,94
F/2021/639 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Materiais subministrados para o CEIP Ortigueira en xaneiro/2021	202100193 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	320	21200		220,00			220,00
F/2021/640 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Materiais subministrados para mantemento á brigada de obras municipal en marzo/2021	202100194 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	1531	21300		299,75			299,75
F/2021/641 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Materiais subministrados para o mantemento do servizo municipal de augas en marzo/2021	202100195 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	161	21000		55,79	11,72		67,51
F/2021/642 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Xel hidroalcohólico e garrafa hipoclorito subministrados en marzo/2021	202100196 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021 2021 / 5 / COVID / 1 / 1	311	22699		47,01			47,01
F/2021/643 09/04/2021	B70084413 Drogaria-Ferretería El Sol, SL Materiais subministrados para acometidas do servizo municipal de augas. Marzo/2021. (R.A. 442/2020)	202100197 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	161	21001	AD:220210000531	1.608,03	337,69		1.945,72

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 11-05-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible	- DESCUENTOS -		
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		Importes Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros
F/2021/644 09/04/2021	B70084413 Drogueria-Ferreteria El Sol, SL Materiais subministrados para manteemento do servizo municipal de augas. Marzo/2021.	202100198 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	161	21000		43,10	9,05		52,15
F/2021/645 09/04/2021	B70084413 Drogueria-Ferreteria El Sol, SL Materiais subministrados para acometidas do servizo municipal de augas. Marzo/2021. (R.A 442/2020). Zona sur	202100199 31/03/2021	Conformada 1º TENENTE DE ALCALDE	2021	161	21001	AD:220210000531	588,33	123,55		711,88
F/2021/646 09/04/2021	G15483498 Agadea Copagamento do servizo de estimulación terapéutica segundo convenio, cláusula III correspondente ao mes de xaneiro/2021	2021- 190 31/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	231	48000	AD:220210002193	456,00			456,00
F/2021/647 09/04/2021	G15483498 Agadea Copagamento do servizo de estimulación terapéutica segundo convenio, cláusula III correspondente ao mes de febreiro 2021	2021- 191 31/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	231	48000	AD:220210002193	490,00			490,00
F/2021/648 09/04/2021	G15483498 Agadea Copagamento do servizo de estimulación terapéutica segundo convenio, cláusula III correspondente ao mes de marzo 2021	2021- 192 31/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	231	48000	AD:220210002193	490,00			490,00
F/2021/649 09/04/2021	44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier Mantemento da pista de rodadura no mes de febreiro/2021	9 17/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021	341	21300		145,20			145,20

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 11-05-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible	- DESCUENTOS -			
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		Importes Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros	
F/2021/650 09/04/2021	44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier Corta de herba e limpeza na contorna do centro de saúde e parque infantil en marzo/2021	10 17/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	312	21300			181,50 Euros			181,50
F/2021/651 09/04/2021	44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier Mantenemento da pista de rodadura no mes de marzo/2021	11 30/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	341	21300			145,20 Euros			145,20
F/2021/652 09/04/2021	44808385S Pichel Ortigueira Francisco Javier Mantenemento da beirarrúa da Susana nos meses de xaneiro, febreiro e marzo/2021	12 30/03/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	1531	21000			181,50 Euros			181,50
F/2021/653 09/04/2021	A84000884 Wind to market, S.A. (AEQ ENERGÍA) Subministración eléctrica á depuradora de Calzande. Período: 20/02/2021-31/03/2021	ENE 21035679 08/04/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	160	22100			788,86 Euros			788,86
F/2021/654 09/04/2021	A84000884 Wind to market, S.A. (AEQ ENERGÍA) Subministración eléctrica á Escola Infantil Municipal. Período: 01/03/2021-31/03/2021	ENE 21035954 08/04/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	231	22100			256,27 Euros			256,27
F/2021/655 09/04/2021	A84000884 Wind to market, S.A. (AEQ ENERGÍA) Subministración eléctrica á EDAR de Ponte Ulla. Período: 01/03/2021-31/03/2021	ENE 21035727 08/04/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	160	22100			1.116,26 Euros			1.116,26
F/2021/656 09/04/2021	33267966F Barreiro Garcia Jose Carlos - Servides Servizo de desratización, desinfección e desinsectación anual no CPI de Vedra	Emit- 159 08/04/2021	Conformada ALCALDÍA	2021 Projecto	320	22706			363,00 Euros			363,00

### RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS X.G.L. 11-05-2021

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APPLICACIÓN -				I.V.A. Deductible Euros	- DESCUENTOS -				
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes Euros	Conceptos Descuento Euros	Importes Euros	Importe Fac. Euros
